

PIVX/2025



CONGRESO LOS RETOS DE LA ACCIÓN PROTECTORA DE LA SEGURIDAD SOCIAL DE LAS MUJERES VÍCTIMAS DE VIOLENCIA DE GÉNERO MAYORES DE 65 AÑOS

10 y 11 de noviembre de 2025
Formato híbrido: presencial y en línea

A acción protectora da Seguridade Social das mulleres maiores de 65 anos que sofren violencia de xénero

Alicia Villalba Sánchez

Dereito do Traballo e da Seguridade Social
Universidade de Santiago de Compostela

Sala de Juntas
Facultad de Derecho
Universidad de Santiago de Compostela



01

SUMARIO

Síntese das actividades encamiñadas á consecución dos obxectivos enumerados na memoria do proxecto detallando os medios empregados e as persoas participantes

A) Obxectivos do proxecto

B) Actividades realizadas

C) Medios humanos e materiais empregados

D) Persoas participantes

E) Grao de consecución dos obxectivos

02

OBXECTIVOS DO PROXECTO

OBXECTIVO XERAL 1º
Definir e clasificar as diversas formas de discriminación padecidas polas mulleres vítimas de violencia de xénero maiores de 65 anos na acción protectora da Seguridade Social analizando os elementos que constrúen o prexuízo que a desencadea

OBXECTIVO XERAL 2º
Identificar os supostos concretos constitutivos dunha discriminación padecida polas mulleres vítimas de violencia de xénero maiores de 65 anos no ordenamento xurídico diferenciando os diversos traballos desempeñados por ela ao longo da súa vida (doméstico, ou produtivo).

OBXECTIVO XERAL 3º
Detectar os aspectos nos que é posible mellorar a tutela xudicial da muller maior de 65 anos vítima dunha discriminación interseccional

02

OBXECTIVOS DO PROXECTO

OBXECTIVO XERAL 1º

Definir e clasificar as diversas formas de discriminación padecidas polas mulleres vítimas de violencia de xénero maiores de 65 anos na acción protectora da Seguridade Social analizando os elementos que constrúen o prexuízo que a desencadea

OE1.1. Clasificar a discriminación interseccional, ben como especie pertencente ao xénero da discriminación múltiple, ben como especie pertencente ao xénero da discriminación interseccional, ben como modalidade autónoma, froito dunha interacción susceptible de desencadear un efecto cualitativamente diferente.

OE1.2. Diferenciar a súa manifestación directa e a indirecta e, en particular, a discriminación interseccional por asociación, apreciable cando unha das causas non se presenta na muller, senón noutra persoa á que prodiga coidados por razón de idade ou discapacidade que, á súa vez, reclama un tratamento xurídico específico.

OE1.3. Determinar se a condición de vítima de violencia de xénero garda unha unha relación de conexión directa e inequívoca” sendo subsumible na discriminación baseada no sexo ou se, pola contra, procede engadir unha nova categoría ao sexo e á idade, inicialmente consideradas como punto de partida da investigación, como pode ser a condición socio-económica ou o estado civil, aclarando se son susceptibles de definir ou de agravar a situación padecida polas mulleres de idade avanzada.

OE1.4. Atopar unha eventual finalidade lexítima que puidera xustificar o tratamento dispensado polo ordenamento xurídico ás vítimas de violencia de xénero maiores de 65 anos que exclúe carácter non discriminatorio das disposicións cuestionadas.

OE1.5. Esclarecer se a xustificación debe construírse por separado, con relación a cada un dos motivos de discriminación ou se, como suxire a doutrina, debe gardar “relación coa específica forma de discriminación que se produc3 dado que, en supostos de discriminación múltiple e interseccional, o art. 6.3 require que a motivación deba “darse en relación con cada un dos motivos de discriminación”, cando non parece unha solución axeitada para unha discriminación interseccional caracterizada pola xeración dun prexuízo específico.

02

OBXECTIVOS DO PROXECTO

OBXECTIVO XERAL 2º

Identificar os supostos concretos constitutivos dunha discriminación padecida polas mulleres vítimas de violencia de xénero maiores de 65 anos no ordenamento xurídico diferenciando os diversos traballos desempeñados por ela ao longo da súa vida (doméstico, ou produtivo).

OE2.1. Analizar a eventual existencia dunha xustificación da exclusión do ámbito de aplicación do Réxime Xeral da Seguridade Social do traballo doméstico prestado para a familia e o seu impacto nas vítimas maiores de 65 anos que non poden acceder á acción protectora da Seguridade Social.

OE2.2. Analizar a eventual existencia dunha xustificación da presunción de exclusión do ámbito de aplicación do Réxime Xeral da Seguridade Social do traballo produtivo prestado para a familia, salvo proba en contrario, identificando as trabas que se erixen ante as vítimas de violencia de xénero maiores de 65 anos que pretendan beneficiarse da acción protectora da Seguridade Social tras consagrar o seu traballo á familia.

OE2.3. Determinar a suficiencia das vías artelladas polo Dereito Civil de Familia para compensar o traballo doméstico e produtivo prestado para a familia no caso das vítimas de violencia de xénero maiores de 65 anos, en especial, da pensión compensatoria regulada no art. 97 do Código Civil e da compensación prevista no art. 1438 do mesmo texto, para o caso de que o réxime económico matrimonial fose a separación de bens.

OE2.4. Precisar a viabilidade de desprezar vías de aseguramento alternativas para as mulleres, como a celebración dun convenio especial coa Seguridade Social, coa fin de construír unha carreira de seguro para o acceso á acción protectora da Seguridade Social.

OE2.5. Identificar aqueles supostos onde a acreditación de vítima de violencia de xénero resulta difícil de aportar ás vítimas de violencia de xénero maiores de 65 anos que precisen acceder á pensión de viuvez e propoñer medios de proba alternativos admitidos polo dereito.

OE2.6. Sinalar aqueles supostos nos cales non se exclúe a esixencia de convivencia ás vítimas de violencia de xénero, instaurando unha censurable disxuntiva entre a protección da súa integridade física e psíquica e o acceso á acción protectora por viuvez.

OE2.7. Precisar o impacto que as anteditas potenciais discriminacións poderían xerar nas persoas dependentes da muller vítima de violencia de xénero maior de 65 anos.

OE2.8. Identificar os supostos nos cales a efectiva protección da muller vítima de violencia de xénero puidese retrasar ou impedir o acceso á pensión de xubilación ou reducir a súa contía e propoñer remedios para evitalo.

OE2.9. Sinalar aqueles supostos nos cales existe outro factor susceptible de sumarse ao sexo e á idade perfilando máis o prexuízo padecido polas vítimas de violencia de xénero maiores de 65 anos no acceso a prestacións concretas, como pode ser a orixe étnica (v. gr., na denegación da pensión de viuvez ás mulleres que só formalizaran a súa relación afectiva co agresor polo rito xitano, práctica máis común nas de maior idade).

02

OBXECTIVOS DO PROXECTO

OBXECTIVO XERAL 3º

Detectar os aspectos nos que é posible mellorar a tutela xudicial da muller maior de 65 anos vítima dunha discriminación interseccional

OE3.1. Reformular a tutela indemnizadora, onde adquire relevancia o deber de reparar o dano moral ocasionado, cuxa valoración se realizará atendendo “á concorrencia ou interacción de varias causas de discriminación previstas na lei” (art. 27.1 LITND).

OE3.2. Determinar a necesidade de tomar en consideración os danos irrogados a terceiras persoas nos supostos de discriminación interseccional por asociación, como puidesen ser os ocasionados ás persoas ás que, por razón de idade ou discapacidade, dependan economicamente da muller vítima de violencia de xénero.

OE3.3. No plano procesual ou adxectivo, determinar que clase de indicios denotan a existencia dunha discriminación interseccional e, a falta dunha regra específica contida no art. 30 da Lei 145/2022, esclarecer se é preciso achegar indicios sobre a existencia de cada un dos motivos que conflúen na intersección, ou se os indicios en cuestión deben referirse á intersección en si mesma.

03

ACTIVIDADES REALIZADAS

As actividades realizadas para a consecución dos obxectivos descritos consistiron na celebración de dúas reunións científicas acompañadas dunha constante actividade de difusión dos resultados acadados

Seminario “A discriminación padecida polas mulleres maiores: reflexións tras a entrada en vigor da Lei 15/2022, do 12 de xullo, integral para a igualdade de trato e a non discriminación”

.....
Seminario sobre a natureza e tipos da discriminación padecida polas mulleres vítimas de violencia de xénero maiores de 65 anos

Congreso “Os retos da acción protectora da Seguridade Social das mulleres vítimas de violencia de xénero maiores de 65 anos”

.....
Reunión científica orientada á identificación das disposicións discriminatorias no Dereito Civil, do Traballo e da Seguridade Social Español e comparado

Publicación de novas de actualidade relacionadas co proxecto de investigación ao longo de toda a súa duración e difusión dos resultados en revistas en acceso aberto

.....
Difusión dos resultados de investigación entre os diversos grupos de interese fundamentalmente a través da páxina web do proxecto.

03 ACTIVIDADES REALIZADAS

Seminario sobre "A discriminación padecida polas mulleres maiores: reflexións tras a entrada en vigor da Lei 15/2022, do 12 de xullo, integral para a igualdade de trato e a non discriminación"

Día 16 de outubro de 2025



SEMINARIO "LA DISCRIMINACIÓN PADECIDA POR LAS MUJERES MAYORES: REFLEXIONES TRAS LA ENTRADA EN VIGOR DE LA LEY 15/2022, DE 12 DE JULIO, INTEGRAL PARA LA IGUALDAD DE TRATO Y LA NO DISCRIMINACIÓN"

16 de octubre de 2025
Sala de Juntas de la Facultad de Derecho
de la Universidad de Santiago de Compostela
(formato híbrido: presencial y en línea)

09.15. Inscripción y registro

09.30h. Inauguración

10.00h. "Las mujeres mayores víctimas de discriminación(es). Una asignatura pendiente"

Ponente: Dra. **Sonia Esperanza Rodríguez Boente**. Delegada del Rector para la Igualdad de la Universidad de Santiago de Compostela y Profesora Titular de Filosofía del Derecho de la Universidad de Santiago de Compostela

Presenta y modera: Dra. **Lara María Muñín Sánchez**. Profesora Ayudante Doctora de Derecho del Trabajo y de la Seguridad Social de la Universidad de Santiago de Compostela

11.00h. "Mujer y mayor: discriminación interseccional"

Ponente: Dr. **José Fernando Lousada Arochena**. Profesor de la Universidad de A Coruña. Magistrado Especialista en el Orden Social del Tribunal Superior de Justicia de Galicia

Modera: Dra. **Alicia Villalba Sánchez**. Profesora Titular de Derecho del Trabajo y de la Seguridad Social de la Universidad de Santiago de Compostela

12.00h. Pausa

12:30h. "La discriminación por asociación: una visión judicial"

Ponente: Dr. **Luis Fernando de Castro Mejuto**. Profesor de la Universidad de A Coruña. Presidente de la Sala de lo Social del Tribunal Superior de Justicia de Galicia

Modera: Dra. **Consuelo Ferreiro Regueiro**. Profesora Titular de Derecho del Trabajo y de la Seguridad Social de la Universidad de Santiago de Compostela



13.30 h. Debate y clausura

Dirección:

Consuelo Ferreiro Regueiro. Profesora Titular de Derecho del Trabajo y de la Seguridad Social de la Universidad de Santiago de Compostela

Alicia Villalba Sánchez. Profesora Titular de Derecho del Trabajo y de la Seguridad Social de la Universidad de Santiago de Compostela

Secretaría:

Lara María Muñín Sánchez. Profesora Ayudante Doctora de Derecho del Trabajo y de la Seguridad Social de la Universidad de Santiago de Compostela

María del Sagrario Cadenas Ruiz. Investigadora contratada de la Universidad de Santiago de Compostela

Inscripciones: sagrario.cadenas.ruiz@usc.es

Comité Científico:

Dra. Ana María Orellana Cano. Magistrada de la Sala de lo Social del Tribunal Supremo
Dr. Francisco Javier Arrieta Idiákez. Catedrático de Derecho de Trabajo y de la Seguridad Social de la Universidad de Deusto.

Dra. María Belén Fernández Docampo. Profesora Titular de Derecho del Trabajo y de la Seguridad Social de la Universidad de Vigo

Dr. Alexandre Pazos Pérez. Profesor Titular de Derecho del Trabajo y de la Seguridad Social de la Universidad de Vigo

Dra. Josune López Rodríguez. Profesora Encargada Doctora de la Universidad de Deusto

Dra. Esperanza Roales Paniagua. Profesora Contratada Doctora de la Universidad de Sevilla

*Proyecto de investigación financiado a cargo de las Ayudas a la investigación de la Universidad de Santiago de Compostela para la realización de proyectos destinados al desarrollo de medidas del Pacto de Estado contra la Violencia de Género para el año 2025

03

ACTIVIDADES REALIZADAS

Congreso “Os retos da acción protectora da Seguridade Social das mulleres vítimas de violencia de xénero maiores de 65 anos”

Días 10 e 11 de novembro de 2025

PIVX
2025

A acción protectora da Seguridade Social das mulleres maiores de 65 anos que sofren violencia de xénero

Presentación de comunicaciones:
Podrán enviarse propuestas de comunicación relacionadas con el tema del Congreso hasta el día 25 de octubre de 2025 a la siguiente dirección de correo electrónico: sagrario.cadenas.ruiz@usc.es
En ellas debe constar el título seguido de un breve resumen (no más de 5.000 caracteres, con espacios incluidos). Únicamente se acreditará su presentación cuando se proceda a su defensa, presencial o a distancia, durante las sesiones del Congreso en el horario indicado por la organización.
Las personas que deseen optar a la publicación en una publicación en acceso abierto de su comunicación deberán enviar el texto definitivo de la ponencia, que deberá alcanzar las 20 páginas (interlineado sencillo, letra Times New Roman) a la dirección de correo electrónico sagrario.cadenas.ruiz@usc.es antes del día 2 de noviembre. Su publicación se sujeta a la selección y a la superación de la revisión por partes.

Comité Científico:
Pilar Núñez-Cortés Contreras. Catedrática de Derecho del Trabajo y de la Seguridad Social de la Universidad Loyola de Andalucía
Henar Álvarez Cuesta. Catedrática de Derecho del Trabajo y de la Seguridad Social de la Universidad de León
Emma Rodríguez Rodríguez. Profesora Titular de Derecho del Trabajo y de la Seguridad Social de la Universidad de Vigo
Alexandre Pazos Pérez. Profesor Titular de Derecho del Trabajo y de la Seguridad Social de la Universidad de Vigo
Matteo Corti. Profesor de Derecho del Trabajo y de la Seguridad Social la Università Cattolica del Sacro Cuore de Milán
Alessandra Sartori. Profesora de Derecho del Trabajo y de la Seguridad Social de la Università degli Studi di Milano
Helena Mota. Profesora Asociada de Derecho Internacional Privado

*Proyecto de investigación financiado a cargo de las Ayudas a la investigación de la Universidad de Santiago de Compostela para la realización de proyectos destinados al desarrollo de medidas del Pacto de Estado contra la Violencia de Género para el año 2025

Inscripciones:
Podrán inscribirse indicando sus nombre, apellidos y dirección de correo electrónico hasta el día 6 de noviembre de 2025 a la siguiente dirección de correo electrónico: sagrario.cadenas.ruiz@usc.es

Dirección:
Consuelo Ferreiro Regueiro. Profesora Titular de Derecho del Trabajo y de la Seguridad Social de la Universidad de Santiago de Compostela
Alicia Villalba Sánchez. Profesora Titular de Derecho del Trabajo y de la Seguridad Social de la Universidad de Santiago de Compostela

Secretaría:
Lara María Munín Sánchez. Profesora Ayudante Doctora de Derecho del Trabajo y de la Seguridad Social de la Universidad de Santiago de Compostela
Sagrario Cadenas Ruiz. Investigadora Contratada de la Universidad de Santiago de Compostela



LOS RETOS DE LA ACCIÓN PROTECTORA DE LA SEGURIDAD SOCIAL DE LAS MUJERES VÍCTIMAS DE VIOLENCIA DE GÉNERO MAYORES DE 65 AÑOS

10 y 11 de noviembre de 2025
Formato híbrido: presencial y en línea

Sala de Juntas
Facultad de Derecho
Universidad de Santiago de Compostela

03

ACTIVIDADES REALIZADAS

Congreso “Os retos da acción protectora da Seguridade Social das mulleres vítimas de violencia de xénero maiores de 65 anos”

Días 10 e 11 de novembro de 2025

PIVX
2025

A acción protectora da Seguridade Social das mulleres maiores de 65 anos que sofren violencia de xénero

Lunes, día 10 de noviembre

09.30h. Inscripción y registro

10.00h. Inauguración

10.15h. “Protección económica de las mujeres mayores de 65 años víctimas de violencia de género en el marco del Derecho Civil: pensión compensatoria y compensación del «trabajo para la casa»”

Ponente: Dra. Marta Carballo Fidalgo. Profesora Titular de Derecho Civil de la Universidad de Santiago de Compostela

Presenta y modera: Dra. Consuelo Ferreiro Regueiro. Profesora Titular de Derecho del Trabajo y de la Seguridad Social de la Universidad de Santiago de Compostela

11.00h. “Seguridad Social, edad avanzada y Carta Social Europea: una aproximación con perspectiva de género”

Ponente: Dra. Carmen Salcedo Beltrán. Catedrática de Derecho del Trabajo y de la Seguridad Social de la Universidad de Valencia

Presenta y modera: Dra. Lara Munin Sánchez. Profesora Ayudante Doctora de Derecho del Trabajo y de la Seguridad Social de la Universidad de Santiago de Compostela

11.45h. Pausa

12.15h. “Interpretación flexible de los requisitos de acceso a la pensión de viudedad en los supuestos de violencia de género”

Ponente: Dra. Consuelo Ferreiro Regueiro. Profesora Titular de Derecho del Trabajo y de la Seguridad Social de la Universidad de Santiago de Compostela

Presenta y modera: Dra. Andrea Garrido Juncal. Profesora Contratada Doctora de Derecho Administrativo de la Universidad de Santiago de Compostela

13.00h. “Vejez y mujer: situación y retos en clave de protección social”

Ponente: Dr. Francisco Javier Arrieta Idiakez. Catedrático de Derecho del Trabajo y de la Seguridad Social de la Universidad de Deusto

Presenta y modera: Dra. Alicia Villalba Sánchez. Profesora Titular de Derecho del Trabajo y de la Seguridad Social de la Universidad de Santiago de Compostela

13.45. “Protección social y género: la pensión no contributiva y el ingreso mínimo vital en mujeres mayores de 65 años”

Ponente: Dr. Djamil Tony Kahale Carrillo. Catedrático de Derecho del Trabajo y de la Seguridad Social de la Universidad Politécnica de Cartagena

Presenta y modera: Dña. Sagrario Cadenas Ruiz. Investigadora de Derecho del Trabajo y de la Seguridad Social de la Universidad de Santiago de Compostela

14.30h. Presentación de comunicaciones

Martes, día 11 de noviembre

09.30h. Mesa redonda: “La protección de las mujeres trabajadoras víctimas de violencia doméstica en Portugal: las insuficiencias de la tutela”

Ponentes: Dra. Joana Nunes Vicente. Profesora Auxiliar de Derecho del Trabajo y de la Seguridad Social de la Universidad de Coimbra

Dra. Susana Catarina Sousa Machado. Profesora Adjunta de la Escola Superior de Tecnologia e Gestão do Instituto Politécnico do Porto

Presenta y modera: Dra. Alicia Villalba Sánchez. Profesora Titular de Derecho del Trabajo y de la Seguridad Social de la Universidad de Santiago de Compostela

10.30h. “Pensión de jubilación no contributiva: una mirada desde la perspectiva de género”

Ponente: Dra. Gema Catalán Mejía. Profesora contratada doctora de la Universidad Internacional de La Rioja

Presenta y modera: Dña. Sagrario Cadenas Ruiz. Investigadora de Derecho del Trabajo y de la Seguridad Social de la Universidad de Santiago de Compostela

11.15h. Pausa

11.45h. “La discriminación interseccional de las mujeres mayores de 65 años en la acción protectora de la Seguridad Social”

Ponente: Dra. Alicia Villalba Sánchez. Profesora Titular de Derecho del Trabajo y de la Seguridad Social de la Universidad de Santiago de Compostela

Presenta y modera: Dra. Lara Munin Sánchez. Profesora Ayudante Doctora de Derecho del Trabajo y de la Seguridad Social de la Universidad de Santiago de Compostela

12.30h. “La violencia económica padecida por las mujeres mayores de 65 años”

Ponente: Dña. Sagrario Cadenas Ruiz. Investigadora de Derecho del Trabajo y de la Seguridad Social de la Universidad de Santiago de Compostela

Presenta y modera: Dra. Consuelo Ferreiro Regueiro. Profesora Titular de Derecho del Trabajo y de la Seguridad Social de la Universidad de Santiago de Compostela

13.15h. “El Defensor del Pueblo ante la violencia de género en mujeres mayores de 65 años: quejas recibidas y propuestas institucionales”

Ponente: Dra. Andrea Garrido Juncal. Profesora Contratada Doctora de Derecho Administrativo de la Universidad de Santiago de Compostela

Presenta y modera: Dra. Alicia Villalba Sánchez. Profesora Titular de Derecho del Trabajo y de la Seguridad Social de la Universidad de Santiago de Compostela

14.00. Presentación de comunicaciones y clausura

03

ACTIVIDADES REALIZADAS

Publicación de novas de actualidade relacionadas co proxecto de investigación ao longo de toda a súa duración na páxina web do proxecto de investigación e publicación dunha selección de contribucións presentadas ao seminario e ao Congreso na *Revista Derecho Social y Empresa*

<https://projectoviogenusc.es>

PIVX
2025

A acción protectora da Seguridade Social das mulleres maiores de 65 anos que sofren violencia de xénero



EL PROYECTO EQUIPO ACTIVIDADES NOTICIAS ENCUESTA CONTACTA

ÚLTIMAS NOVEDADES

En este espacio compartimos noticias relacionadas con la protección dispensada a las mujeres víctimas de violencia de género mayores de 65 años. Una selección de actualidad jurídica y social.



El Tribunal de Justicia de Galicia reconoce el derecho de una mujer a la prestación de viudedad por el fallecimiento de su excónyuge al considerar acreditado que fue víctima de violencia de género aunque no hubiese denunciado penalmente ni acudido al sistema institucional de protección.



El Tribunal Supremo interpreta de manera flexible el requisito de conexión temporal entre la situación de violencia de género y el momento de separación o divorcio para reconocer la pensión de viudedad



El Tribunal Supremo flexibiliza las exigencias legales para la percepción de la pensión de viudedad en situaciones de violencia de género.

04

MEDIOS HUMANOS EMPREGADOS

Na realización do Seminario sobre "A discriminación padecida polas mulleres maiores: reflexións tras a entrada en vigor da Lei 15/2022, do 12 de xullo, integral para a igualdade de trato e a non discriminación"

3
relatores/as

Dos cales unha foi unha muller e dous homes.

4
Persoas integrantes da organización

Das cales todas foron mulleres

6
Personas integrantes do comité científico

Dos cales dous pertencían ao sexo masculino e catro ao feminino

04

MEDIOS HUMANOS EMPREGADOS

Na realización do Congreso “Os retos da acción protectora da Seguridade Social das mulleres vítimas de violencia de xénero maiores de 65 anos”

10
Relatores/as

Das/dos cales nove eran mulleres e un era home

4
Persoas integrantes da organización

Todas elas mulleres


7
Integrantes do comité científico

Das/dos cales cinco eran mulleres e dous eran homes


04

MEDIOS HUMANOS EMPREGADOS

Na difusión das actividades a través do deseño e mantemento e da integración e actualización de contados na páxina web e da súa difusión en redes sociais



Mulleres pertencentes ao equipo de investigación




Persoas integrantes das empresa encargada da creación e desenvolvemento web, das cales unha era unha muller e outro un home

04

MEDIOS MATERIAIS EMPREGADOS

Medios materiais empregados na realización das anteditas actividades


ORZAMENTO



05 PARTICIPANTES

Número de participantes desagregadas por xénero

Fonte: elaboración propia



06

GRAO DE CONSECUCIÓN DOS OBXECTIVOS



06

GRAO DE CONSECUCIÓN DOS OBXECTIVOS

OBXECTIVO XERAL nº 1:

- Segundo a OMS, o idadismo refírese aos estereotipos (como pensamos), os prexuízos (como sentimos) e a discriminación (como actuamos) cara ás persoas en función da súa idade, e pode ser institucional, interpersonal ou autoinflixido.
- Non existe un concepto único de persoa maior. En función da situación na cal a persoa é discriminada, a idade a partires da cal se estima que unha persoa pertence á devandita categoría dende os 50 aos 65 anos, polo que resulta preferible considerar discriminada por razón de idade ás persoas que, polo avance na súa idade, estean expostas a atopar dificultades en materia de emprego e ocupación, tal e como aconsella a Recomendación nº 162 da OIT.
- O xénero, en tanto conxunto de papeis, comportamentos, actividades e atribucións socialmente construídos que unha sociedade concreta considera propios de mulleres ou de homes (segundo o Convenio do Consello de Europa sobre prevención e loita contra a violencia contra as mulleres e a violencia doméstica, ademais de ser causa de discriminación ten una vis atractiva e trasformadora con respecto a outras causas, de xeito que, unidas, producen un resultado discriminatorio específico.
- Os datos evidencian un progresivo envellecemento que atinxe, en maior medida, á poboación feminina. Segundo o INE, entre 2003 y 2023 a esperanza de vida dos homes en España pasou de 76,4 a 81,1 anos, namentres que a das mulleres ascendeu de 83 a 86,6.

06

GRAO DE CONSECUCIÓN DOS OBXECTIVOS

OBXECTIVO XERAL nº 1:

- Porén, de acordo co Plan da OMS para a Década de Envellecemento Saudable 2020-2030 a inequidade en relación co envellecemento saudable atinxe especialmente ás mulleres maiores. Estas son, en xeral, máis pobres e contan con menos aforros e activos que os homes como resultado de “toda unha vida de discriminación, que afecta negativamente á igualdade de oportunidades e de trato para as mulleres nos mercados laborais” de xeito que “as mulleres maiores atópanse en peor situación no que se refire á seguridade dos seus ingresos e o acceso ás prestacións das pensións contributivas”. En concreto, de promedio “os pagos anuais en concepto de pensións nos países da OCDE son un 27% máis baixos para as mulleres” e “insuficientes para satisfacer plenamente as súas necesidades básicas”. Ademais, conséntase que “as mulleres que traballan, en especial as de máis idade, ven afectadas de forma desproporcionada pola automatización dos traballos, o cambio tecnolóxico e a intelixencia artificial” e, por suposto, “as mulleres maiores prestan a maior parte dos coidados non remunerados, en particular no sector informal”.
- Esta discriminación específica padecida polas mulleres é susceptible de ser cualificada de interseccional, pois supón unha superación do concepto tradicional de discriminación sustentado nunha comparación para basearse estereotipos derivados da confluencia de dúas causas. Eríxese, así, nunha forma autónoma de discriminación, independente da múltiple, que se cingue á mera acumulación de prexuízos derivados da confluencia de diversas causas de discriminación.
- Esta discriminación pode manifestarse de xeito directo e indirecto, ordinario e por asociación, en todo caso, obriga a reformular a súa proba en xuízo, xa que deixa de resultar útil a baseada en datos estatísticos sendo preciso afondar nos prexuízos subxacentes ao tratamento prexudicial recibido por certas categorías de mulleres. O anterior comporta, á súa vez, que a xustificación desminta o estereotipo composto, malia que o art. 6.3 requira que a motivación deba “darse en relación con cada un dos motivos de discriminación.

06

GRAO DE CONSECUCCIÓN DOS OBXECTIVOS

OBXECTIVO XERAL nº 2:

- A análise do réxime xurídico aplicable ao traballo das mulleres permitiu identificar diversas discriminacións interseccionais padecidas, en particular, polas mulleres maiores vítimas de violencia de xénero.
- A exclusión do traballo doméstico prestado para a familia da acción protectora da Seguridade Social coa conseguinte imposibilidade de cotizar polo mesmo, incluso mediante a celebración voluntaria dun convenio especial, baséase nun dos estereotipos de xénero que persisten na construción do sistema de Seguridade Social que impactan de xeito desproporcionado nas mulleres de maior idade, por canto son as que pretenden acceder á acción protectora por xubilación. Carece, por tanto, de xustificación a inexistencia de vías de aseguramento para unhas mulleres desterradas dos sistemas públicos de previsión.
- Tamén resulta criticable a presunción de exclusión que atinxe ao traballo produtivo executado en empresas da familia, habitualmente de titularidade do cónxuxe, que non rara vez as mulleres deberon asumir como unha modalidade de violencia económica mencionada no Congreso e cuxos efectos se multiplican cando a muller acada a idade do retiro e carece dunha pensión contributiva.
- Cuestiónase a adecuación da resposta fornecida polo Dereito Civil de Familia para compensar o traballo doméstico e produtivo prestado para no caso das vítimas de violencia de xénero maiores de 65 anos debido, entre outros factores, á natureza dunha pensión compensatoria cuxo recoñecemento descansa, en boa medida, na autonomía da vontade das partes (viciada, nos casos de violencia) e na finalidade de re equilibrar a situación da muller separada ou divorciada, non necesariamente a paliar a súa necesidade económica. Tampouco a compensación prevista no art. 1438 do CC soluciona o anterior escenario, tendo en conta a dificultade inherente a acreditar os requisitos que permiten o seu recoñecemento.

06

GRAO DE CONSECUCIÓN DOS OBXECTIVOS

OBXECTIVO XERAL nº 2:

- Resulta frecuente que xubilación deba reconducirse á modalidade non contributiva, na cal o 70 % das persoas beneficiarias son mulleres.
- Esta proporción obedece a estereotipos tradicionais aínda existentes no mercado de traballo: menores taxas de actividade, interrupcións derivadas do coidado familiar, empregos precarios ou a tempo parcial e traxectorias descontinuas que impediron acumular cotizacións suficientes.
- A feminización da pobreza na vellez é, por tanto, o reflexo dunha discriminación estrutural que se prolonga ata as etapas finais da vida que podería impactar tamén nas persoas ao seu cargo.
- O anterior contravén os instrumentos internacionais, como a Carta Social Europea. Taén o Piar Europeo de Dereitos Sociais, a Estratexia Europea de Coidados e os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible da Axenda 203, que imponen aos Estados a obrigaón de garantir ingresos mínimos adecuados e de eliminar as desigualdades que afectan as mulleres maiores.
- Por outra banda, a coordinación entre a pensión non contributiva e o ingreso mínimo vital segue a ser deficiente, xerando solapamentos e exclusións.
- A falta de actualización dos limiares de renda, a ausencia de indicadores de impacto de xénero e a dispersión normativa reducen a eficacia protectora do sistema.
- En concreto, propúxose vencellar a súa contía ao limiar de pobreza relativa, actualizar os criterios de acceso conforme ao custo de vida real e promover a transparencia mediante a avaliación do impacto de xénero das normas orzamentarias .
- Por outra banda, proponse reforzar a carreira de aseguramento das mulleres vítimas de violencia de xénero durante períodos nos cales sufriron violencia económica a mans dun agresor que lles impedía traballar resulta clave para acceder á pensión de xubilación contributiva.

06

GRAO DE CONSECUCIÓN DOS OBXECTIVOS

OBXECTIVO XERAL nº 2:

- A dificultade de construír unha carreira de aseguramento propia relega a moitas mulleres maiores a conformarse coa protección por morte e supervivencia do sustentador principal.
- O acceso á pensión de viuvez complícase cando a muller foi vítima de violencia de xénero a mans do causante, situación que xa foi atendida polo lexislador dispensándolle, p. ex., do requisito de ter recoñecida unha pensión compensatoria para ser beneficiaria da devandita pensión no caso de separación ou divorcio.
- Porén, seguen existindo obstáculos no acceso a prestación por viuvez, en especial naqueles caos onde a separación motivada pola violencia sufrida pola muller tivo lugar en tempos anteriores á entrada en vigor da LOIVX.
- A xurisprudencia e doutrina xurisprudencial foi a encargada de flexibilizar eses requisitos, admitindo como proba calquera medio válido en dereito.
- Do anterior colixiuse a diversidade de discriminacións interseccionais persistentes na acción protectora da Seguridade Social, tamén dende unha perspectiva de Dereito comparado e, malia que os avances do lexislador español foron notables, destácase a conveniencia de eliminalas sen esquecer as que atinxen ás mulleres afectadas por unha discriminación interseccional onde conflúen, ademais da idade e o xénero, outros factores, como a nacionalidade ou a orixe étnica.
- No primeiro caso, detéctase no emprego informal que desempeñan moitas traballadoras inmigrantes que lles impedirá beneficiarse da protección non contributiva mesmo tendo en conta as medidas protectoras despregadas no caso de que sexan vítimas de violencia de xénero.
- No segundo caso, identifícanse as dificultades inherentes a acreditar o vínculo entre a beneficiaria e o asegurado nos casos de matrimonios concertados polo rito xitano, concluíndose a conveniencia de adoptar unha interpretación flexibilizadora que permita acreditarlo por vías adicionais á celebración do matrimonio consonte á lexislación civil ou á formalización da parella de feito.

06

GRAO DE CONSECUCIÓN DOS OBXECTIVOS

OBXECTIVO XERAL nº 3:

- Cómpre valorar a específica situación padecida polas mulleres maiores vítimas de violencia de xénero en tanto manifestación dunha discriminación interseccional na tutela indemnizatoria.
- A tal efecto, é preciso considerar circunstancias tales como a existencia de persoas menores ou dependentes eventualmente perxudicadas de xeito reflexo ou por asociación.
- No plano procesual, a falta dunha regra específica contida no art. 30 da Lei 15/2022, procede avogar por unha aportación de indicios relativos ao estereotipo discriminatorio combinado, en detrimento da tradicional aportación de estatísticas escasamente reveladoras nos supostos de discriminación interseccional.



PIVX/2025

Alicia Villalba Sánchez

DEREITO DO TRABALLO E DA SEGURIDADE SOCIAL

alicia.villalba@usc.es

O Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero, recolle medidas relativas á prevención e á sensibilización fronte a violencia de xénero, coa posta en marcha de accións dirixidas a sensibilizar a toda a sociedade sobre o dano que producen a desigualdade e as condutas violentas.